


◆ LITERATURA:

“Peúgo, o calcetín melenudo”



Conto de **Jessica Rodríguez Piñeiro**

A autora desta historia, Jessica, reivindica a importancia de traballar desde a infancia os valores da autoestima e do respecto para acabar coa violencia. E así como nace **Peúgo**, o calcetín melenudo.

Cal é a historia de Peúgo?

Normalmente aos calcetíns colocámoslles unha parella igual e... acabamos tirando un se se nos perde o compañeiro. Pero Peúgo é diferente. Estar desemparellado faio único. Non podemos esquecer que ademais Peúgo foi vítima da violencia. Agora debe aprender a coñecerse así mesmo e a valorarse, buscándose outras utilidades. Ao final do conto descubrimos que despois dun tempo Peúgo atopa outra parella, pero moi diferente a el. O seu gran confidente é unha lavadora, que lle axuda nesta gran tarefa de “quererse”.

Peúgo aprende a ser feliz estando só para despois saber vivir en parella respectando as diferenzas.-